

BASES DO CONCURSO DE IDEAS E POSTERIOR EXECUCIÓN DUNHA ESCULTURA ORIXINAL DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA HOMENAXEA-LAS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

ANTECEDENTES

Na sesión plenaria extraordinaria realizada no 10 de xaneiro de 2019, acórdase que “O Concello dedicará un monumento a todas as vítimas da violencia de xénero, con especial relación ás mulleres asasinadas na nosa vila ou en relación con ela.”, polo cal se convoca, dende o goberno municipal e en repulsa á violencia machista, o **Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxea-las Vítimas da Violencia de Xénero.**

BASES

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONCURSO

Este concurso ten por obxecto a presentación de ideas dirixidas á creación dunha escultura e á súa posterior execución, que servirá para facer un recoñecemento público en contra da violencia de xénero e renderlles unha homenaxe, dende o Concello da Pobra do Caramiñal, ás vítimas desta violencia.

SEGUNDA. LOCALIZACIÓN

A escultura seleccionada instalarase nun espazo público e aberto. A /o artista poderá propor unha situación determinada se a obra está creada e deseñada para un espazo concreto. Non obstante, a entidade organizadora reserva para si o dereito de poder muda-la súa localización.

TERCEIRA. PARTICIPANTES

Poderá participar calquera persoa física, maior de idade e que cumpra cos requisitos indicados nestas bases. As obras propostas deben ser orixinais e inéditas, que non se presentasen a outros concursos. Tódalas persoas participantes autorizan a entidade organizadora a difundir-las súas obras mediante unha reprodución fotográfica ou calquera outro medio que esta considerar oportuno.

CUARTA. REQUISITOS DAS OBRAS

Cada participante poderá presentar como máximo dúas obras, que deberán ser orixinais, inéditas e de creación propia.

O tema da obra debe facer alusión ó obxecto do concurso e representar ideas e conceptos en relación coa finalidade do proxecto.

O procedemento e a técnica escultórica, así como a súa concepción plástica, serán de libre elección. Débese considera-la viabilidade da reprodución tridimensional da proposta no material definitivo.

QUINTA. PREMIOS

Dos traballos presentados elixirase a obra gañadora á cal lle corresponderá o primeiro premio. A segunda mellor valorada polo xurado será galardoada cun accésit.

Primeiro premio:

- Importe económico: 3 000 € (A este premio aplicaráselle as retencións impositivas que establece a lexislación vixente.)
- Un diploma do Excmo. Concello da Pobra do Caramiñal
- A adxudicación da realización da escultura de forma monumental, por un valor máximo de 9 000 euros, co IVE incluído

Será causa de reintegro do premio a falta de execución ou execución defectuosa do contrato para a realización da obra que se prevé na cláusula décima destas bases, ou o incumprimento do prazo máximo de entrega.

Accésit: unha mención de honor, dotada cun diploma do Excmo. Concello da Pobra do Caramiñal

SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

As ideas propostas dirixiranse á Excmo. Alcaldía-Presidencia do Concello da Pobra do Caramiñal e presentaranse no rexistro xeral do Concello da Pobra do Caramiñal no prazo de 30 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte ó da publicación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*. Así mesmo, tamén se poderán presentar nas demais formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, requírese que as e os participantes que presenten a súa proposta noutros rexistros ou a través do correo postal, na forma establecida regulamentariamente, acheguen

unha copia da solicitude de participación a través do correo electrónico igualdade@apobra.gal.

Por cada obra presentada, a entrega da documentación realizarase do seguinte xeito:

❖ Documentación administrativa: nun sobre pechado denominado Sobre 1, identificado co título da obra, deberase introduci-lo seguinte:

- a solicitude de participación no concurso, de conformidade co modelo do anexo I;
- a fotocopia do DNI, do pasaporte ou do documento que acredite a identidade de quen participa;
- a declaración de responsabilidade sobre a orixinalidade do deseño presentado, de non atoparse en ningún suposto de prohibición para contratar coa Administración pública, e de que ten a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional para a execución do contrato previsto na cláusula décima, de conformidade co modelo do anexo II;
- a cesión dos dereitos de propiedade, de conformidade co modelo do anexo III.

❖ Documentación técnica: nun sobre pechado denominado Sobre 2, identificado co título da obra, deberase introduci-lo seguinte:

- a memoria descritiva e xustificativa do deseño presentado, na cal se expliquen as formulacións conceptuais e artísticas en relación coa evocación simbólica do obxecto do concurso, detallando tódalas características técnicas da obra (materiais, dimensións, procedementos de realización, previsións para a montaxe etc.). Deberanse incluí-los planos de planta, alzados, perspectivas e tódolos datos e imaxes que, segundo o xuízo do/a autor/a, poidan facilita-la apreciación e a valoración do xurado;
- unha especificación e valoración económica do custo de reprodución do deseño proposto cos materiais especificados;
- así mesmo, débese especificar se a reprodución final será por conta exclusivamente do/a autor/a ou se llela encargará a outras persoas.

❖ Maqueta ou deseño dixital:

Ou ben, nun sobre opaco e pechado denominado Sobre 3 e identificado co título da obra,

- o arquivo dixital que conteña a maqueta tridimensional coa extensión .stl, .obj, .wrl ou .ply
- e 3 imaxes que definan a escultura en formato .jpg (dimensións mínimas DIN A4);

ou ben, nunha caixa opaca e pechada, identificada co título da obra,

- a maqueta física, en arxila ou outro material, debidamente embalada.

Cada un dos sobres e, de se-lo caso, a caixa opaca, deberá levar incorporado o título identificativo **Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxea-las Víctimas da Violencia de Xénero**.

Unicamente no interior do Sobre 1 deberán aparece-los datos identificativos da autora ou autor. Nos restantes elementos non deberá existir ningún dato que permita identifica-la autoría.

SÉTIMA. XURADO

O xurado será elixido e designado mediante unha resolución da Alcaldía por proposta da Concellaría da Igualdade do Concello da Pobra do Caramiñal. Estará composto por 3 persoas expertas no obxecto do concurso e a disciplina artística seleccionada e un/unha secretario/a que será membro do persoal funcionario ou laboral do Concello, e que actuará con voz e sen voto. A súa composición publicárase no BOP da Coruña, como mínimo, con dez días de antelación á deliberación.

Os membros do xurado estarán suxeitos ó réxime de abstención e recusación establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O xurado non coñecerá, en ningún caso, a identidade das persoas presentadas nin o pseudónimo co cal se presentan; tan só o título das obras participantes. Soamente o/a secretario/a do xurado terá acceso ós datos que permitan coñecer directa ou indirectamente a identidade das persoas autoras das propostas, ata o momento en que o xurado emita a súa decisión. Coa finalidade de garanti-lo anonimato das propostas formuladas, o/a secretario/a só lle comunicará ó xurado as propostas presentadas ó concurso sen conte-lo pseudónimo, garantindo que estas sexan anónimas. Para facilita-lo seu control e identificación posterior, o/a secretario/a poderá outorgar un código (numérico, alfabético, alfanumérico...) a cada participante, de modo que non resulte posíbel para o resto de membros do xurado, á vista do devandito código, identificar a quen pertence cada unha das propostas formuladas nin o pseudónimo empregado.

O xurado valorará as obras atendendo os seguintes criterios:

- expresividade e capacidade de transmisión e representación artística dos conceptos e ideas en relación coa finalidade do concurso;
- calidade artística, valor estético e orixinalidade do proxecto;
- equilibrio compositivo e condición escultórica das propostas;
- seguridade, perdurabilidade no tempo dos materiais e o seu mantemento, tendo en conta a súa localización no exterior e a súa exposición continuada ás vicisitudes do clima;

- viabilidade técnica e económica para a reprodución do deseño proposto nun gran formato;
- dado que o seu destino é un espazo aberto, o xurado terá en conta a relación proporcional das súas medidas co contorno.

A decisión do xurado formalizarase nun escrito asinado por tódolos seus membros, que conterá o pronunciamento expreso sobre tódalas candidaturas presentadas, a puntuación asignada a cada unha e o seu xuízo individualizado sobre elas. Así mesmo, motivará, de se-lo caso, a decisión de deixar sen adxudica-lo premio do concurso, por considerar insuficiente a calidade das ideas presentadas.

A decisión do xurado será adoptada pola maioría dos votos emitidos. O xurado emitirá a acta do ditame, na cal incluírá a proposta gañadora, así como o accésit, e deixará constancia de tódalas propostas presentadas.

O ditame do xurado será inapelábel e poderá declarar que o concurso queda sen adxudicar se estimar que as propostas non acadan o nivel de calidade desexada.

OITAVA. RESOLUCIÓN

O xurado, unha vez emita o ditame da valoración do concurso, realizará nunha sesión pública a apertura do sobre onde se conteña a identidade da persoa autora da proposta e remitirá a proposta de resolución á Alcaldía; procederase a publica-lo ditame do xurado a través da páxina *web* institucional, nas redes sociais e seralle notificado de forma individualizada á persoa gañadora.

A Alcaldía adxudicará o premio nun prazo non superior a 10 días a partir do ditame.

NOVENA. ENTREGA DE PREMIOS

A entrega dos premios realizarase nun acto público organizado polo Excmo. Concello da Pobra do Caramiñal, que será anunciado coa suficiente antelación. A presenza das persoas premiadas, ou persoas en quen deleguen, no acto oficial de entrega dos premios, será un requisito imprescindible para facer efectivo o premio. No caso de non facelo, asume que desiste do seu cobramento. O pagamento do premio de 3 000 € realizarase mediante unha transferencia bancaria. Para este efecto, a persoa premiada deberalle remitir ó Concello un certificado de titularidade da conta bancaria da cal sexa titular. Nese acto a ou o artista explicará as claves da súa proposta.

DÉCIMA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 17, en concordancia co establecido no artigo 25.a.1º), o artigo 26.2, e os artigos 308 e seguintes da Lei 9/2017, o contrato que se derive deste

concurso de proxectos para a realización da escultura terá a cualificación de contrato privado de servizos de creación artística, polo que se rexerá, canto á súa preparación e adxudicación, de non existiren normas específicas, polas disposicións contidas nos libros primeiro e segundo da Lei 9/2017, con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, de se-lo caso, as normas de dereito privado. No que respecta ós seus efectos, modificación e extinción, rexerase polo dereito privado.

Á persoa gañadora do primeiro premio adxudicaráselle un contrato menor de servizos de creación artística, que terá por obxecto a execución da obra con suxeición á proposta presentada ó concurso. O prezo do contrato será de 9 000 € (co IVE incluído). O dito importe inclúe a realización da obra, materiais, ferramentas e calquera outros gastos que foren necesarios para a realización da obra, que se entenderán incluídos en todo o caso no prezo mencionado anteriormente, así como o transporte da obra ó lugar designado polo Concello. Na adxudicación do contrato determinarase o prazo total de execución en función das características da obra gañadora, que en todo o caso non excederá de 1 ano dende a data de adxudicación. En todo o caso a obra deberá ser entregada pola/polo contratista no lugar do termo municipal que designe o Concello. Serán pola conta da/do dita/o contratista os gastos de transporte ata o lugar indicado.

Cando se adxudique o contrato, aboaráselle á / ó contratista o importe de 3 000 euros en concepto de gastos para aprovisionamento de materiais e materias primas necesarias para o inicio da prestación. Para que xurda o dereito de cobramento, a/o contratista deberá presentar unha factura polo dito importe na cal se indique expresamente "*Primeiro 30% do contrato para a realización da obra gañadora do Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxe-a-las Víctimas da Violencia de Xénero*". O prazo de pagamento da factura será de 60 días naturais dende a recepción no Concello da factura.

Na adxudicación do contrato poderanse establecer pagamentos parciais en función da realización das distintas fases de execución da obra, que se determinarán na resolución de adxudicación do contrato. Neste caso, na adxudicación concretarase a forma de acreditar por parte da/do contratista a efectiva realización de cada fase. En todo o caso, o importe total destes pagamentos parciais non superará os 3 000 euros.

O prezo restante do contrato aboarase unha vez a/o contratista entregase a obra no lugar indicado polo Concello e se asinase a acta de recepción de conformidade, que será asinada por un representante do Concello e pola/polo contratista. Para este efecto, a/o contratista deberá presentar no Concello unha factura polo dito importe na cal se indicará expresamente "*Pagamento final do contrato para a realización da obra gañadora do Concurso de Ideas e*

Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxe-a-las Vítimas da Violencia de Xénero”.

O prazo de pagamento será de 60 días dende a recepción no Concello da factura ou, no caso da factura final, dende a data da acta de recepción, se a factura se presentase antes da sinatura da acta de recepción.

A demora por parte do Concello no prazo de pagamento rexerá polo establecido no artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contábel de facturas no sector público, no caso de que a/o contratista estea nalgún dos supostos previstos no artigo 4 da citada lei, deberá presenta-las facturas en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas do Estado (FACe). Para iso a/o contratista deberá incluír obrigatoriamente nas facturas os seguintes datos:

| TIPO DE ÓRGANO | CÓDIGO | DENOMINACIÓN |
|---------------------|-----------|-------------------------------------|
| DESTINATARIO | L01150676 | CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL |
| OFICINA CONTÁBEL | LA0002120 | INTERVENCIÓN |
| ÓRGANO XESTOR | LA0002118 | ALCALDÍA |
| UNIDADE TRAMITADORA | LA0002324 | ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN E MULLER |

UNDÉCIMA. DEREITO DE PROPIEDAD E OUTRAS CUESTIÓNS LEGAIS

A proposta á cal lle sexa adxudicada o primeiro premio, unha vez levada ó gran formato, será propiedade do Excmo. Concello da Pobra do Caramiñal, sen prexuízo da reserva dos dereitos irrenunciábeis que a lexislación sobre a propiedade intelectual lle recoñeza á súa autora ou autor. A persoa autora do traballo premiado cédelle en exclusiva ó Concello da Pobra do Caramiñal os dereitos previstos no artigo 17 do Texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

A proposta á cal se lle sexa adxudicado o primeiro premio instalarase no lugar público que decida a organización do **Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxe-a-las Vítimas da Violencia de Xénero**.

A organización do concurso non se fai responsábel daquelas propostas que se remitan polas persoas participantes que puideren viola-los dereitos de autoría de terceiras persoas, senón que serán aquelas as únicas responsábeis en caso de reclamación.

O Excmo. Concello da Pobra do Caramiñal, como organizador do concurso, comprométese a dárle-lo mellor trato ás maquetas presentadas, pero non se fai responsábel da perda, da deterioración ou da subtracción destas. Se por calquera motivo, o/a autor/a decidir asegura-la súa maqueta, deberase facer cargo dos gastos do seguro.

As propostas non premiadas nin seleccionadas poderán ser recollidas nos 30 días posteriores á data de publicación do ditame do premio. Unha vez transcorrido ese prazo as obras pasarán a ser propiedade do Concello.

DUODÉCIMA. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no **Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxear as Vítimas da Violencia de Xénero** implica a aceptación destas bases.

O xurado queda facultado para a interpretación destas bases e a resolución das incidencias non previstas nelas.

**CONCURSO DE IDEAS E POSTERIOR EXECUCIÓN DUNHA ESCULTURA ORIXINAL
DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA HOMENAXEA-LAS VÍTIMAS DA
VIOLENCIA DE XÉNERO**

ANEXO I

FORMULARIO PARA CUBRIR POLAS PERSOAS PARTICIPANTES

Nome e apelidos:

NIF:

Domicilio:

Poboación: Provincia: C. p.:

Teléfono: Correo electrónico:

Pseudónimo:

Título da obra:

EXPÓN

Que coñece e acepta as bases do Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxea-las Víctimas da Violencia de Xénero.

SOLICITA

Participar no concurso referido, para o cal entrega a documentación establecida nas bases.

En/No/Na de de 2022

Asdo.

**CONCURSO DE IDEAS E POSTERIOR EXECUCIÓN DUNHA ESCULTURA ORIXINAL
DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA HOMENAXEA-LAS VÍTIMAS DA
VIOLENCIA DE XÉNERO**

ANEXO II

DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE

Don/dona

co domicilio no/na.....

e co documento de identidade, baixo o pseudónimo
.....,

DECLARA

PRIMEIRO. A orixinalidade da proposta presentada ó Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxea-las Víctimas da Violencia de Xénero, co título
.....

SEGUNDO. Que non se atopa en ningún dos supostos de prohibición para contratar co sector público establecidos no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e que conta coa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional para a execución do contrato para realización da obra que se prevé nas bases deste concurso de ideas, no caso de obte-lo primeiro premio.

E para que conste, asina esta declaración en/no/na.....,de
.....de 2022.

Asdo.:

**CONCURSO DO DE IDEAS E POSTERIOR EXECUCIÓN DUNHA ESCULTURA
ORIXINAL DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA HOMENAXEA-LAS
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

ANEXO III

CESIÓN DOS DEREITOS DA AUTORÍA

Don/dona

co domicilio no/na

.....

e co documento de identidade, baixo o pseudónimo

.....,

DECLARA

que, no caso de que a obra presentada ó **Concurso de Ideas e Posterior Execución dunha Escultura Orixinal do Concello da Pobra do Caramiñal para Homenaxea-las Víctimas da Violencia de Xénero**, baixo o título , sexa gañadora, os dereitos de autoría serán cedidos en exclusiva ó Concello da Pobra do Caramiñal, de acordo co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

E para que conste, asina esta declaración en/no/na,dede 2022.

Asdo.: